

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

8124 *Real decreto 641/2011, do 9 de maio, polo que se modifica o Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, aprobado polo Real decreto 810/2007, do 22 de xuño.*

O Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, incorporou ao dereito español a Directiva 2004/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre a seguridade dos ferrocarrís comunitarios (Directiva de seguridade ferroviaria) e pola que se modifican a Directiva 95/18/CE do Consello, sobre concesión de licenzas ás empresas ferroviarias, e a Directiva 2001/14/CE relativa á adxudicación da capacidade de infraestrutura ferroviaria, aplicación de canons pola súa utilización e certificación de seguridade.

A citada Directiva 2004/49/CE foi modificada pola Directiva 2008/110/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2008 en determinados aspectos; entre outros, os relativos ao seu ámbito de aplicación e aos certificados de seguridade. Por isto, resulta necesaria a modificación do citado Regulamento sobre seguridade na circulación e do Real decreto 810/2007 que o aproba. Así mesmo, modifícase puntualmente o Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, para mellorar a súa adecuación á modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, realizada polo artigo 24 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 6 de maio de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, e do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, aprobado polo dito real decreto.*

Un. Engádense ao número 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 810/2007 os parágrafos seguintes:

«d) Os vehículos históricos que circulen pola rede ferroviaria de interese xeral sempre que cumpran a normativa específica de seguridade que se dite co fin de garantir a circulación segura de tales vehículos.

e) Os ferrocarrís históricos, de museo e turísticos que operen nas súas propias redes, incluídos os talleres, os vehículos e o persoal.»

Dous. Engádense ao artigo 2 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral tres novos parágrafos coa seguinte redacción:

«o) Posuidor de vehículo ferroviario: a persoa ou entidade que explote un vehículo, como medio de transporte, quer sexa da súa propiedade ou quer teña dereito a utilizalo, e que estea rexistrada como tal no Rexistro Especial Ferroviario do Ministerio de Fomento;

p) Entidade encargada do mantemento: unha entidade encargada do mantemento dun vehículo e rexistrada como tal no Rexistro Especial Ferroviario;

q) Vehículo: un vehículo ferroviario apto para circular coas súas propias rodas por liñas ferroviarias, con ou sen tracción. Un vehículo está composto por un ou máis subsistemas estruturais e funcionais ou por partes dos ditos subsistemas.»

Tres. O número 4 do artigo 3 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral queda redactado do seguinte modo:

«4. Sen prexuízo do punto anterior, todo fabricante de material rodante ferroviario, centro de mantemento homologado, entidade encargada do mantemento, posuidor de vehículos ferroviarios, prestador de servizos relacionados co ferrocarril e entidade de aprovisionamento será responsable de que as subministracións de material rodante, instalacións, accesorios, equipamento e material que facilite, así como os servizos que preste, sexan conformes cos requisitos e coas condicións de utilización previstas, de modo que as empresas ferroviarias ou o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias poidan utilizalos de maneira segura.»

Catro. Engádesse un novo parágrafo ao número 3 do artigo 4 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral coa seguinte redacción:

«e) As excepcións que conceda o dito centro directivo en materia de entidades encargadas do mantemento, de conformidade coa normativa vixente.»

Cinco. A letra f) do número 1 do artigo 4 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral queda redactada do seguinte modo:

«f) A comprobación de que a información relacionada coa seguridade do tráfico ferroviario recollida no Rexistro Especial Ferroviario e nos inventarios ferroviarios, aos cales fai referencia o Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, se mantén convenientemente actualizada polos órganos responsables da súa elaboración.»

Seis. O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 16 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral queda redactado do seguinte modo:

«2. O certificado de seguridade acredita que a empresa ferroviaria estableceu un sistema propio de xestión da seguridade e está en condicións de cumprir os requisitos fixados nas especificacións técnicas que a afectan así como noutras disposicións pertinentes da lexislación comunitaria e das normas nacionais de seguridade, con obxecto de controlar os riscos e prestar servizos de transporte na rede de forma segura.»

Sete. A letra b) do número 4 do artigo 16 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral queda redactada como segue:

«b) Un certificado que acredite a aprobación das medidas que adoptou a empresa ferroviaria para cumprir os requisitos específicos necesarios para a prestación de servizos na rede de que se trate de forma segura. Estes requisitos poderán incluír a aplicación das ETI e das normas de seguridade nacionais, incluídas as normas de explotación da rede, a aceptación das habilitacións e certificados do persoal e a autorización para pór en servizo os vehículos utilizados polas empresas ferroviarias. Esta certificación estará baseada na documentación presentada pola empresa ferroviaria segundo o disposto no anexo IV.»

Oito. Engádese un novo título ao Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral redactado nos seguintes termos:

«TÍTULO V

Mantemento dos vehículos

Artigo 31. *Mantemento dos vehículos.*

1. Antes da súa posta en servizo ou utilización na rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias cada vehículo deberá contar cunha entidade encargada do mantemento asignada a el e que deberá estar rexistrada na sección 8.^a do Rexistro Especial Ferroviario se ten o seu establecemento principal en España.

2. En todo caso, as empresas ferroviarias, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e os posuidores de vehículos ferroviarios poderán ser entidades encargadas do mantemento.

3. Sen prexuízo da responsabilidade das empresas ferroviarias e do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias prevista no artigo 3 deste regulamento, a entidade encargada do mantemento garantirá que os vehículos se manteñen de acordo:

- a) Co plan de mantemento de cada vehículo,
- b) Cos requisitos en vigor, incluídas as normas de mantemento e as especificacións técnicas.

A entidade encargada de mantemento efectuarao polos seus propios medios ou contratando centros de mantemento, de acordo coa normativa vixente.

4. No caso de vagóns de mercadorías, cada entidade encargada do mantemento estará certificada pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias ou ben por un organismo acreditado ou recoñecido de conformidade co sistema de certificación que establecerá a Comisión ao abeiro do número 5 do artigo 14 bis da Directiva 2004/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre a seguridade dos ferrocarrís, segundo redacción dada pola Directiva 2008/110/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008. O proceso de acreditación fundamentarase en criterios de independencia, competencia e imparcialidade, tales como as series de normas europeas EN 45000. O proceso de recoñecemento basearase, así mesmo, en criterios de independencia, competencia e imparcialidade.

Cando a entidade encargada do mantemento sexa unha empresa ferroviaria ou o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, o cumprimento dos requisitos que se deben adoptar conforme o indicado no parágrafo anterior será verificado pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias conforme os procedementos relativos ao certificado e á autorización de seguridade previstos neste regulamento e confirmarase en tales documentos.

5. Os certificados concedidos noutros Estados membros da Unión Europea ás entidades encargadas do mantemento dos vagóns de mercadorías conforme o sistema determinado pola Comisión Europea serán válidos en España.

6. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá aplicar medidas alternativas para designar e certificar unha entidade encargada do mantemento nos seguintes supostos:

- a) Vehículos matriculados nun país terceiro non pertencente á Unión Europea e mantidos conforme a lexislación do dito país,
- b) Vehículos que se utilicen en redes ou liñas cuxo largo de vía sexa diferente do da rede ferroviaria principal na Comunidade Europea e para os que o cumprimento dos requisitos do número 3 se realiza mediante acordos cos citados países terceiros,

c) Vehículos que se poidan excluír do ámbito de aplicación deste regulamento de acordo coa disposición adicional cuarta do Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre seguridade na circulación na rede ferroviaria de interese xeral, e material militar e de transporte especial que requiran un permiso *ad hoc* da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias antes da súa entrada en servizo. Nestes casos concederanse excepcións por períodos de cinco anos como máximo.

A concesión das excepcións realizarase ao matricular os vehículos, no relativo á determinación da entidade encargada do mantemento; e ao expedir os certificados de seguridade ás empresas ferroviarias e as autorizacións de seguridade aos administradores de infraestruturas ferroviarias, no referente á determinación ou certificación da entidade encargada do mantemento.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 100/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.*

Introdúcese na sexta liña do número 2 do artigo 56 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, segundo redacción dada polo Real decreto 100/2010, do 25 de febreiro, a continuación da palabra «estableceranse», o seguinte texto: «, para efectos do suposto regulado na letra b) do número 3 do artigo 40 da referida lei».

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/110/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2004/49/CE sobre a seguridade dos ferrocarrís comunitarios.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en especial, no que se refire ás entidades encargadas do mantemento.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ